



UNIDADE 7 : ANTIGAS CIVILIZACIÓNS

MESOPOTAMIA E EXIPTO

DEFINICIÓNS

ESTADO: Territorio independente e cunha organización política, económica, social e cultural propia.

CÓDIGO DE HAMMURABI: Primeiras leis coñecidas da Historia. Recibe este nome porque foi redactada durante o reinado de Hammurabi de Babilonia.

ESCRITURA CUNEIFORME: Tipo de escritura que representa sílabas e palabras a través de caracteres en forma de cuña, realizados sobre táboas de arxila. Orixinaria de Mesopotamia.

HIPOXEO: Tumba escavada nos cantís das beiras do Nilo. Tiña forma de galería subterránea.

..
MITOLOXÍA : Conxunto de relatos fabulosos sobre a vida dos deuses ou os héroes. Creados explicar elementos da realidade cotiá que non eran quen de explicar recorrendo ao pensamento racional.

ESFINGE; é un ser mitolóxico de cabeza humana con extremidades e corpo de león

OBELISCO: monolito alto de pedra con remate piramidal, que é unha representación do sol.

LEI DA FRONTALIDADE: técnica artística que usaban os antigos exipcios para representar as figuras de fronte.

PILONO: parella de muros que forman a entrada do templo exipcio.

FARAÓN: Máxima autoridade política e relixiosa no antigo Exipto. Os símbolos cos que se representaba eran a coroa, o cetro, a cobra, o látego e a cruz



CUESTIÓNS

1.- Que é Mesopotamia?

Mesopotamia é unha rexión histórica situada entre os ríos Tigris e *Éufrates, no que hoxe é Iraq, partes de Siria e Turquía. O seu nome provén do grego e significa "terra entre ríos".

2. Cales foron as primeiras civilizacións en Mesopotamia:

SUMERIOS E ACADIOS.

3. Que foi Babilonia?

- **Babilonia:** Foi unha das civilizacións máis poderosas e coñecidas de Mesopotamia, especialmente baixo o goberno do rei Hammurabi (1792-1750 a.C.). Babilonia destacou pola súa riqueza cultural e a súa influencia na rexión.

4. Como era a relixión en Mesopotamia

A relixión desempeñou un papel central na vida dos mesopotámicos. Eran politeístas, é dicir, crían en moitos deuses, cada un relacionado cun aspecto da natureza ou a vida cotiá (como o sol, a lúa, a choiva, a guerra etc.)/ etc.). Cada cidade tiña o seu propio deus principal, e os templos, chamados ****zigurat****, eran estruturas xigantescas onde se realizaban cerimoniais relixiosas.

5. Que obras de arte destacan en la escultura mesopotámica? Como eran os relevos en Mesopotamia?

Estatuas de deuses e reis, estelas e relevos

Relevos: Facíanse relevos detallados en paredes de palacios e templos. Estes relevos narraban batallas, escenas mitolóxicas ou a vida cotiá.

6. Que é un zigurat?

- Zigurats: Eran enormes estruturas piramidais graduadas, construídas como templos dedicados aos deuses. O zigurat de Ur é un dos exemplos máis famosos.

7.- Cales son os principais períodos da historia de Exipto, e as súas datas?

- Antigo Exipto (c. 3000 a.C. - 2181 a.C.)
- Medio Exipto (c. 2050 a.C. - 1710 a.C.)
- Novo Imperio (c. 1550 a.C. - 1070 a.C.)

8.-Cales foron os deuses máis importantes?

- Ra: O deus do sol, considerado o rei dos deuses.
- Osiris: Deus da vida despois da morte e a resurrección.
- Isis: Deusa do amor, a maxia e a maternidade.
- Anubis: Deus da momificación e protector das tumbas.



9. Como se organiza a sociedade exipcia?

Ao igual que a maioría das sociedades antigas, a sociedade exipcia estaba moi xerarquizada. Cunha **minoría privilexiada** e cunha **maioría non privilexiada**

10.- Que grupos pertencen a minoría privilexiada da sociedade exipcia?

A **minoría privilexiada** estaba composta por:

- O faraón, que era ao mesmo tempo un rei e un deus. O seu poder era absoluto e ocupaba o cume da pirámide social.
- Os nobres, que eran aquelas persoas que posuían grandes cantidades de terra e ocupaban os postos máis altos na administración do Estado. Eran persoas moi próximas ao faraón.
- Os sacerdotes, que eran os encargados do culto aos deuses, pero tamén tiñan enormes posesións de terra
- Os escribas, que eran os funcionarios ocupados en redactar documentos oficiais e levar as contas do Imperio. Contaban con moito prestixio social, porque poucas persoas sabían ler e escribir.

11.- Como era a arte exipcia?

A arte exipcia era moi detallado e simbólico. As pinturas e esculturas reflectían temas relixiosos, mitolóxicos e da vida cotiá.

12.- Que é a escritura xeroglífica?

Esta escritura era unha mestura de imaxes e símbolos que representaban sons.

13.- Que son os hipoxeos?

- Lugares de enterramento escavados na rocha. Foron típicos do Imperio novo e construíronse polos faraóns para evitar ser saqueados tras a súa morte. Os hipoxeos máis representativos son os de Beni-Hassan, o do Val dos Reis e o do Val das Raíñas

14. Que é a momificación?

A momificación era un proceso complexo para preservar os corpos dos faraóns e persoas importantes, xa que crían na vida despois da morte. Para iso, #extraer os órganos, secábase o corpo e envolvíase en vendas de liño.



**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL**



**CPI de ATIOS
Valdoviño**

**Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Teléfono:881 938 107
cpi.atios@edu.xunta.es**